



Hypogymnia physodes (L.) Nyl.

Especie frecuente e abundante en Galicia. Atópamola tanto nas árbores como nas rochas, sendo máis habitual nos troncos dos piñeiros (fotos 1, 2).

Talo foliáceo de cor gris clara averdada. Os lóbulos, de 1 a 3 mm de ancho, teñen o interior baleiro (foto 4) e son alongados e ascendentes (fotos 3, 4).

Soralios labriformes (con forma de beizo) formados pola ruptura das puntas dos lóbulos (foto 4). Cara inferior negra, marrón nos márxenes e sen ricinas (foto 5), este último carácter a separa das especies de *Parmelia* sensu lato.

Con frecuencia sen apotecios.

Fotobionte: alga verde.

Reaccións: talo K⁺ e P⁺ amarelo. Medula e soralios KC⁺ vermello, P⁺ laranxa.

